

## A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o día 15 de marzo de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Proceder ao establecemento do prezo público pola participación a través de uso de postos na Feira do Requeixo e Mel, ao abeiro do art. 47 do TRLRF nos seguintes termos:

### **"PREZOS PÚBLICOS POR PARTICIPACIÓN CON POSTOS NA FEIRA DO REQUEIXO E MEL DO CONCELLO DAS NEVES"**

#### **Artigo 1º.—Natureza e fundamento xurídico**

En uso da atribución conferidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normas concordantes sobre Facendas Locais, e de acordo co previsto na Ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos deste Concello, aprobada por acordo Plenario de 12 de marzo de 2016 e delegación de competencia na Xunta Goberno Local para o establecemento e xestión dos prezos públicos deste Concello, procédese a fixar os prezos públicos pola participación a través de postos na FEIRA DO REQUEIXO E MEL, evento creado para a difusión dos produtos gastronómicos deste Concello.

#### **Artigo 2º.—Obxecto da Exacción**

O obxecto desta exacción é o pagamento dos prezos públicos polos participantes a través do emprego de postos para actividades económicas na FEIRA DO REQUEIXO E MEL, e beneficiarios polo tanto deste servizo ou actividade a desenvolver nas instalacións do recinto de instalación da carpa ou lugar habilitado polo Concello a tal efecto.

#### **Artigo 3º.—Feito imoñible e obriga de contribuír**

O feito imoñible, cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria, ven determinado pola solicitude de participación na FEIRA DO REQUEIXO E MEL a través do emprego de postos instalados para actividades económicas, no recinto de instalación da carpa ou lugar habilitado ao efecto.

No momento de presentación da solicitude de participación nace a obriga de contribuír, xa que se entende que é entón cando se produce o beneficio que reportan os servizos que se ofrecen, e polo que se debe satisfacer o prezo correspondente.

#### **Artigo 4º.—Suxeitos Pasivos**

Están obrigados ó pago do prezo publico que se establece neste acordo, os participantes aos que lles resulten adxudicados os postos cuxas medidas e prezos se determinan no artigo 5.

#### **Artigo 5º .—Determinación da cota a cobrar**

A cota que corresponde aboar pola participación a través do uso dos postos será a seguinte, IVE incluído:

POSTO INTERIOR CARPA ata 4 m <sup>2</sup> .....	40,00€
POSTO INTERIOR CARPA ata 8 m <sup>2</sup> .....	80,00€
POSTO INTERIOR CARPA ata 12 m <sup>2</sup> .....	120,00€
POSTO EXTERIOR EN INSTALACIÓN CUBERTA ata 4 m <sup>2</sup> .....	30,00€
POSTO EXTERIOR EN INSTALACIÓN CUBERTA ata 8 m <sup>2</sup> .....	60,00€
POSTO EXTERIOR EN INSTALACIÓN CUBERTA ata 12 m <sup>2</sup> .....	90,00€
POSTO EXTERIOR ata 4 m <sup>2</sup> .....	20,00€
POSTO EXTERIOR ata 8 m <sup>2</sup> .....	40,00€
POSTO EXTERIOR ata 12 m <sup>2</sup> .....	60,00€
M2 adicional en interior de carpas.....	2,00 €
M2 adicional en instalacións cubertas.....	1,50 €
M2 adicional en posto exterior.....	1,00 €

#### **Artigo 6º.—Forma e momento de pagamento**

O pagamento dos prezos públicos farase efectivo coa solicitude de participación mediante sistema de ingreso na entidade bancaria no número de conta municipal que a Tesourería Municipal facilitará ao efecto.

#### **Artigo 7º.—Devolución dos prezos públicos**

Cando por causas non imputables ao obrigado ó pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva, procederase a devolución do importe correspondente.

#### **Artigo 8º.—Exencións e beneficios fiscais**

As exencións e beneficios fiscais serán exclusivamente os previstos nas Leis e tratados internacionais.

#### **Artigo 9º**

Para o non previsto nesta regulación estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de prezos públicos aprobada polo Pleno Municipal con data 12 de marzo de 2016.

#### **Disposición final**

Estes prezos públicos entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."

As Neves, a 6 de marzo de 2018.  
O Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Rodríguez Méndez.  
Documento asinado electrónicamente.